

Declaración de Berlín sobre o acceso aberto ao coñecemento en Ciencias e Humanidades¹

Prefacio

Internet mudou fundamentalmente as realidades prácticas e económicas relacionadas coa distribución do coñecemento científico e do patrimonio cultural. Por primeira vez, Internet ofrécenos na actualidade a oportunidade de construír unha representación global e interactiva do coñecemento humano, que inclúe o patrimonio cultural e a seguranza de acceso a escala mundial.

Os signatarios deste documento sentímonos obrigados a considerar os retos da Internet como medio funcional emerxente para a distribución de coñecemento. Obviamente, este desenvolvemento poderá modificar de maneira significativa tanto a natureza da publicación científica como o sistema actual de certificación da calidade.

En concordancia co espírito da Declaración da iniciativa sobre acceso aberto de Budapest, a carta de ECHO e a Declaración de Bethesda sobre publicacións de acceso aberto, redactamos a Declaración de Berlín para promover Internet como un instrumento funcional que sirva de base global do coñecemento científico e a reflexión humana, e para especificar medidas que deben ter en conta as persoas encargadas das políticas de investigación, as institucións científicas, as axencias de financiamento, as bibliotecas, os arquivos e os museos.

Obxectivos

A nosa misión como difusores do coñecemento será incompleta se a información non se pon a disposición da sociedade de maneira expedita e ampla. É necesario apoiar novas posibilidades de difusión do coñecemento, non só a través do sistema tradicional, senón tamén incrementando o uso do paradigma de acceso aberto por medio da Internet. Definimos o acceso aberto como unha ampla fonte de coñecemento humano e patrimonio cultural aprobada pola comunidade científica.

Para que se poida alcanzar a visión dunha representación global e accesible do coñecemento, o web do futuro ten que ser sustentable, interactivo e transparente. O contido e as ferramentas de software deben ter acceso libre e compatible.

Definición dunha contribución de acceso aberto

Para establecer o acceso aberto como un procedemento meritório, requírese realmente o compromiso activo de todos e cada un dos produtores de coñecemento científico e mantedores do patrimonio cultural. As contribucións de acceso aberto inclúen os resultados da investigación científica orixinal, datos primarios e metadatos, materiais, fontes, representacións dixitais de materiais gráficos e pictóricos e materiais eruditos en multimedia.

¹ Versión autorizada ao galego da *Berlin Declaration on Open Access to Knowledge in the Sciences and Humanities*, aprobada o 22 de outubro de 2003 por representantes de varias institucións europeas, convocados pola Sociedade Max Planck, cuxo texto orixinal pode consultarse no enderezo electrónico http://www.zim.mpg.de/openaccess-berlin/berlin_declaration.pdf.

As contribucións de acceso aberto deben satisfacer dúas condicións:

1. A(s) persoa(s) autor(as) e a(s) depositaria(s) da propiedade intelectual de tales contribucións debe(n) garantir a todos os usuarios por igual o dereito gratuíto, irrevogable e mundial de acceso a un traballo erudito, o mesmo que a licenza para copialo, usalo, distribuílo, transmitilo e exhibilo publicamente, e para facer e distribuír traballos derivados en calquera medio dixital e para calquera propósito responsable. Todo isto estará suxeito ao recoñecemento apropiado da autoría (os estándares da comunidade continuarán provendo os mecanismos para o cumprimento do recoñecemento apropiado e o uso responsable das obras publicadas, como se fai hoxe en día), igual que o dereito de efectuar copias impresas en pequeno número para o seu uso persoal).

2. Unha versión completa do traballo e de todos os seus materiais complementarios, que inclúa unha copia do permiso anteriormente mencionado, nun formato electrónico estándar axeitado, deposítase (e así é publicado), cando menos, nun repositorio *on line*, que utilice estándares técnicos aceptables (tales como as definicións de Acceso Aberto), que sexa apoiado e mantido por unha institución académica, unha sociedade erudita, unha axencia governamental, ou ben unha organización establecida que procure implementar o acceso aberto, a distribución non restritiva, a interoperabilidade e a capacidade arquivística a longo prazo.

Apoio da transición ao paradigma de acceso aberto electrónico

As nosas organizacións están interesadas na maior promoción do novo paradigma de acceso aberto para obter o máximo beneficio para a ciencia e para a sociedade. En consecuencia, intentamos progresar neste empeño:

- Estimulando os nosos investigadores/bolseiros a publicaren os seus traballos de acordo cos principios do paradigma de acceso aberto.
- Estimulando os depositarios do patrimonio cultural a apoiaren o acceso aberto distribuindo os seus recursos a través da Internet.
- Desenvolvendo medios e maneiras de avaliar as contribucións de acceso aberto e as revistas electrónicas, para manter estándares de garantía de calidade e unha boa practica científica.
- Defendendo que a publicación en acceso aberto sexa recoñecida na promoción e na avaliación do exercicio profesional.
- Reclamando o mérito intrínseco das contribucións a unha infraestrutura de acceso aberto mediante o desenvolvemento de ferramentas de software, a provisión de contido, a creación de metadatos ou a publicación de artigos individuais.

Decatámonos de que o procedemento de se desprazar ao proceso aberto cambia a difusión de coñecemento no que respecta a cuestións legais e financeiras. As nosas organizacións teñen o propósito de achar solucións que axuden a un maior desenvolvemento dos marcos legais e financeiros existentes, co fin de facilitar un uso e un acceso óptimos.